



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2020/21 |
| Asignatura (*) | Prácticas Externas (Prácticum) | Código | 710G02052 | |
| Titulación | Grao en Información e Documentación | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Cuarto | Obrigatoria | 12 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | ComputaciónHumanidades | | | |
| Coordinación | Ameneiros Rodríguez, María Rocío | Correo electrónico | rocio.ameneiros@udc.es | |
| Profesorado | Ameneiros Rodríguez, María Rocío | Correo electrónico | rocio.ameneiros@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | <p>A realización de prácticas externas permite o contacto do alumnado co ámbito laboral, coñecendo a realidade das unidades de información, os seus profesionais e usuarios.</p> <p>-Para a súa realización, tal como figura na Memoria do Grao de Información e Documentación, o estudante debe ter aprobados 180 ECTS.</p> <p>-O marco legislativo do Practicum recóllese no Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios. Neste documento defínense os deberes e dereitos do estudante, do titor de prácticas, así como os mecanismos de avaliación e seguimento.</p> | | | |



| | |
|------------------------------------|--|
| <p>Plan de continxencia</p> | <p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>* Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <ul style="list-style-type: none">- Traballos tutelados <p>* Metodoloxías docentes que se modifican</p> <ul style="list-style-type: none">- Sesión maxistral. Mantense a metodoloxía e se realizará mediante Teams.- Prácticas de laboratorio. <p>A modificación que se describe a continuación está baseada na proposta no documento "Medidas para la finalización del curso académico 2019-2020 y asegurar la calidad docente ante la situación excepcional provocada por la covid-19". Serán tidas en conta tamén as medidas concretas relativas ás prácticas curriculares adoptadas pola Universidade da Coruña durante o curso 2020/2021.</p> <p>Manteranse as prácticas na modalidade presencial sempre que se garanta que se respetan os parámetros que as autoridades sanitarias requiren. Garantirase que a entidade manteña o plan de formación e titoría coas adaptacións que as circunstancias poidan requiren.</p> <p>Se non se poden respetar as condicións indicadas, as prácticas deben ser interrompidas e poderán recuperarse noutro período unha vez que se poidan restablecer as condicións para o seu desenvolvemento normal. Garantirase que a entidade manteña o plan de formación e titoría coas adaptacións que as circunstancias poidan requiren.</p> <p>Se as condicións indicadas no primeiro suposto non existen e a súa recuperación non é factible nun período posterior, consideraranse rematadas. Permitirase a avaliación do alumno que teña completado o 50% das horas inicialmente previstas. No caso de que o número de horas prácticas realizadas polo alumno non chegue a este 50%, o Decanato en coordinación co tutor académico poderá autorizar a avaliación sempre que se garantice que se acadaron os obxectivos formativos previstos e as competencias asociadas coa materia. Con este propósito, as actividades de avaliación previstas inicialmente nos programas poden modificarse, completándose con novos traballos, proxectos, resolución de casos prácticos e outras actividades similares.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <ul style="list-style-type: none">? Correo electrónico. Atención continua para resolver dúbidas e facer o seguimento do avance.? Teams. Realización de sesións de resolución de dúbidas do alumnado baixo demanda.? Moodle. Utilizarase para enviar mensaxes de difusión ao alumnado e para recoller a memoria de prácticas. <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>A avaliación so se modifica no caso de que o número de horas prácticas realizadas polo alumno non chegue a este 50%. Neste caso, o Decanato xunto co titor académico do alumno decidirán se a avaliación se realiza coas horas efectivamente realizadas ou se lle solicita ao alumno a realización de actividades complementarias.</p> |
|------------------------------------|--|

5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

Non se realizarán cambios. Todos os materiais de traballo están dispoñibles en Moodle.



| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Coñecemento da natureza da información e dos documentos, dos seus diversos modos de produción e do seu ciclo de xestión, dos aspectos legais e éticos do seu uso e transferencia, e das fontes principais de información en calquera soporte, e ao longo do tempo. |
| A2 | Coñecemento, comprensión, aplicación e valoración dos principios teóricos e metodolóxicos, e das técnicas para a planificación, organización e avaliación de sistemas, unidades e servizos de información. |
| A3 | Coñecemento, comprensión e aplicación dos principios teóricos e metodolóxicos, e das técnicas para a creación e autentificación, reunión, selección, organización, representación, preservación, recuperación, acceso, difusión e intercambio, e avaliación da información e dos recursos informáticos. |
| A4 | Coñecemento, comprensión e aplicación dos principios teóricos e metodolóxicos para o estudo, a análise, a avaliación e a mellora dos procesos de produción, transferencia e uso da información e da actividade científica. |
| A5 | Coñecemento e aplicación das tecnoloxías da información que se emprega nas unidades e servizos de información e nos procesos e transferencia da información. |
| A6 | Coñecemento da realidade nacional e internacional en materia de políticas e servizos de información e das industrias da cultura |
| A7 | Habilidades para analizar, asesorar e formar a produtores, usuarios e clientes de servizos de información, así como nos procesos de negociación e comunicación |
| A8 | Habilidades na obtención, tratamento e interpretación de datos sobre unidades e servizos de información, dos procesos de produción, transferencia e uso da información e da actividade científica. |
| B1 | Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nun área de estudo que parte da base da educación secundaria xera, e adoitan encontrarse a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algún aspecto que implica coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| B2 | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrar por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| B3 | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| B4 | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado como non especializado |
| B5 | Que os estudantes desenvolverán aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender os estudos posteriores cun alto grao de autonomía |
| B6 | Capacidade de análise e de síntese aplicada á xestión e organización da información |
| B7 | Capacidade da xestión da información relevante |
| B8 | Capacidade de uso e adaptación de diversas técnicas de comunicación oral e escrita cos usuarios da información |
| B9 | Habilidades no uso de software xenérico |
| C1 | Expresarse correctamente tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma |
| C2 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C3 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solución baseadas no coñecemento e orientadas cara o ben común |
| C4 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras |
| C5 | Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas a os que deben de enfrontarse |
| C6 | Asumir como profesional e cidadán a importancia do aprendizaxe ao longo da vida |
| C7 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade |
| C8 | Aprender a aprender |
| C9 | Resolver problemas de forma efectiva |
| C10 | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo |
| C11 | Traballar de xeito autónomo con iniciativa |
| C12 | Traballar de xeito colaborativo |
| C13 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional |
| C14 | Comunicarse de xeito efectivo nun contorno de traballo |



| | |
|-----|--|
| C15 | Capacidade de organización e planificación do traballo propio |
| C16 | Capacidade de integración en equipos multidisciplinares |
| C17 | Recoñecemento da diversidade y multiculturalidade no ámbito do exercicio profesional |
| C18 | Capacidade para a adaptación a cambios no contorno |
| C19 | Capacidade de dirección e liderazgo |
| C20 | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|----------------|--|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| | 1. Aplicar os coñecementos de carácter teórico e práctico adquiridos no Grao. | A1 A3 A4 | B2 B4 B5 |
| 2. Describir, analizar e valorar a estrutura, funcións e servizos do centro no que se desenvolven as prácticas. | A2 A6 | B1 B3 B7 | C2 C6 |
| 3. Coñecer os sistemas e programas de xestión documental do centro. | A5 | B6 B9 | |
| 4. Adquirir metodoloxías e hábitos de traballo, así como criterios de actuación en situacións reais. | A7 | | C15 |
| 5. Identificar, analizar e resolver os problemas dos usuarios reais. | | B8 | C4 C10 C13 C14 C17 C19 C20 |
| 6. Traballar en equipo, asumindo responsabilidades e participando na resolución de problemas. | A8 | | C7 C9 C16 C18 |

| Contidos | |
|--|--|
| Temas | Subtemas |
| 1. Introducción | 1.1. Carácter e obxecto das prácticas |
| 2. Pautas para a realización das prácticas | 2.1. Requisitos 2.2. Normas de actuación nos centros de prácticas |
| 3. Xestión das prácticas | 3.1. Selección de centros por parte da Facultade 3.2. Presentación dos centros 3.3. Distribución dos alumnos 3.4. Tramitación de convenios por parte da Facultade |
| 4. Pautas para a elaboración da memoria final de prácticas | 4.1. Explicación teórica 4.2. Guión da memoria final de prácticas |
| 5. Prácticas | 5.1. Presentación dos alumnos 5.2. Desenvolvemento das prácticas |
| 6. Presentación de informes e memorias | 6.1. Informes dos titores dos centros 6.2. Memorias finais dos alumnos 6.3. Avaliación global |



| Planificación | | | | |
|--------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Traballos tutelados | B1 B2 B3 B5 B6 B7 C1 C7 C10 C11 C15 C20 | 4 | 38 | 42 |
| Prácticas de laboratorio | A2 A5 A6 A7 B8 B9 C2 C3 C4 C5 C9 C12 C13 C14 C16 C17 C18 C19 | 0 | 250 | 250 |
| Sesión maxistral | A1 A3 A4 A8 B4 C6 C8 | 6 | 0 | 6 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Traballos tutelados | Ao finalizar o período de prácticas, cada alumno presentará á titora académica unha memoria de prácticas na que describa de forma detallada as tarefas e actividades realizadas, así como unha reflexión sobre a formación recibida. Dita memoria elaborárase seguindo as pautas formais e de contido indicadas pola titora académica. |
| Prácticas de laboratorio | Prácticas desenvolvidas polos alumnos nas unidades de información coas que a UDC ten convenio. O traballo dos alumnos estará supervisado pola titora académica (profesora da Facultade) e o titor profesional (persoa responsable do centro). |
| Sesión maxistral | Exposición oral por parte da profesora, complementada co uso de medios audiovisuais, coa finalidade de transmitir a información fundamental referida ás prácticas: procedementos, deberes e dereitos do alumno, sistema de avaliación, titorización, etc. |

| Atención personalizada | |
|--------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Resolver dúbidas, ampliar formulacións e suxerir distintas formas de traballo que axuden aos alumnos na súa aprendizaxe. |
| Traballos tutelados | Seguimento personalizado e constante de cada unha das tarefas desenvolvidas polos alumnos. |
| Prácticas de laboratorio | Este tipo de atención terá especial peso no traballo tutelado (memoria), para o cal a profesora irá marcando as pautas a seguir en cada caso, podendo propoñer as variacións ou modificacións necesarias. Na medida do posible, intentarase facilitar a atención personalizada a aqueles alumnos con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia. |

| Avaliación | | | |
|--------------------------|---|--|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Traballos tutelados | B1 B2 B3 B5 B6 B7 C1 C7 C10 C11 C15 C20 | Memoria final de prácticas. Entregarase na data indicada pola profesora. Non se avaliarán os traballos presentados fóra de prazo, con faltas de ortografía ou aqueles que incumpran as indicacións prescritas para a súa elaboración. | 50 |
| Prácticas de laboratorio | A2 A5 A6 A7 B8 B9 C2 C3 C4 C5 C9 C12 C13 C14 C16 C17 C18 C19 | Informes do titor do centro no que se realicen as prácticas. | 50 |



Observacións avaliación

-A avaliación das prácticas queda regulada polo establecido nos artigos 13, 14 e 15 do Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios: "El tutor de la entidad colaboradora realizará y remitirá al tutor académico de la universidad un informe final, a la conclusión de las prácticas, que recogerá el número de horas realizadas por el estudiante y en el cual podrá valorar los aspectos referidos, en su caso, tanto a las competencias genéricas como a las específicas, previstas en el correspondiente proyecto formativo". "El estudiante elaborará y hará entrega al tutor académico de la universidad una memoria final, a la conclusión de las prácticas". "El tutor académico de la universidad evaluará las prácticas desarrolladas de conformidad con los procedimientos que establezca la universidad, cumplimentando el correspondiente informe de valoración". -A elaboración e entrega da memoria axustarase ás pautas formais e de contido indicadas pola profesora, así como aos prazos establecidos. -Requisitos imprescindibles:--Para superar a materia é necesario aprobar cada unha das partes que compoñen a metodoloxía de traballo da mesma, é dicir, se un alumno non supera o traballo tutelado non se lle avaliarán as prácticas e viceversa.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | As fontes de información que os alumnos necesiten serán facilitadas pola titora académica. |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías